

ASEMBLEA EN COMÚN ORDINARIA

Data: Mércores 13/04/2016

Lugar: Ourense Local en Común - As Burgas

Hora de inicio: 20:00h

Hora Estimada de remate: 21:30h

Orde do día e acta en liña: <https://titanpad.com/BPSf0yhsis>

=====

ORDE do día

=====

Espazo

- Coordinación actividades: calendario
- Estratexia e dinámicas de funcionamento
- Compra material: vinilo e armario metálico...

Colectivos

- Elaboración base datos
- Outros

Estase elaborando base datos de inicio de cada área e xente que poda axudar con mail, teléfono, etc...

Barrios

- Posta en marcha, nomeamento referente
- Outros

Despois da posta en común do PXOM polos barrios conclúese que son necesarias outras ferramentas para implementar dinámicas de participación (“barlamento?”).

Necesario tamén é activar outro grupo de barrio como o de A Ponte.

Propónse unha AeC monográfica (ou xornadas) sobre o tema dos barrios para ver que se pode facer. Con accións concretas e dinámicas de grupos indo a onde está a xente. Aínda que tamén cómpre ter en conta que non se poden facer asembleas ou xornadas para todo xa que produce moito desgaste.

GT Repensar OUeC

- Elaborar proposta documento e monográfico sobre "Toma de Decisións"
- Coordinación reunión para a planificación e funcionamento da nova estrutura, con todos os referentes implicados

Necesario buscar alguen para tema *barrios*.

Elaborar borrador facendo chamamento á colaboración poñendo un marco, por exemplo, os orzamentos participativos.

Toma de decisións en base ao falado no repensar, abrindo emendas.

Tamén está pendente facer unha reunión entre os referentes de todas as áreas para implementar correctamente a estrutura, organización e funcionamento Repensar.

2. Varios

- Bemposta

Hai un grupo de galegram creado, *Benposta en Común*.

Reunión do GT xurídico-institucional. Tres liñas de traballo

Concórdase en que, independentemente do pasado, hai que recuperar ese espazo para a cidadanía de Ourense.

- Clases apoio

Explicase o caso, paralización, decisión de doazón, saída en prensa, desmentido do P.P. con respecto á situación, e nova paralización. Fíxose un traballo falando con directores, profesores, pais, etc e a realidade é que non está solucionado. E moi significativo que se paralizase unha vez que se fixo público, o que fai pensar nun boicot do P.P. . Agora xa non hai nada que facer, e as alternativas expostas polo P.P. é esmola.

Debate: podíase facer legalmente unha doazón para unha empresa privada para seguir en centros públicos con estas clases de apoio? Constátase que falando con empresa e profesores non se atopaba atranco ningún e xa hai casos nos que se fixo desta forma. Ademais chegou a realizarse e non houbo problema ata que trascendeu publicamente.

- Pleno extraordinario solicitado por D.O. Asunto AVE+dimisión alcalde:

https://www.dropbox.com/s/4cdp0tkfht0ks2f/Solicitud%20extraordinario%20ABRIL%202016_DO.odt?dl=0

A idea é que, obedecendo ao mandato do repensar, hai un traballo conxunto de oposición. Na última reunión, seguindo coa súa folla de ruta D.O. solicita pleno extraordinario pola mala xestión

no tema do AVE. Inténtase pedir un compromiso ao alcalde para cumprir na xestión da entrada do AVE as propostas do noso programa. D.O. presentou as súas. Hai parte na que se coincide e outras que non. Non se pode emendar (non o dispón o Regulamento do concello). O soterramento é practicamente imposible, explícanse as imposibilidades técnicas ademáis do gasto.

O discurso que vai facer é o mesmo que facía o P.P., o cal quere dicir que é unha moción política que serve para atacar ao alcalde. Hai que ter en conta que pedir a dimisión do alcalde non ten incidencia se vai estar outra concelleira do P.P., e non deberíamos entrar ao xogo a D.O. Unha vez expostas as posibilidades de emendas e posturas, acórdase abrir un fio e pospoñer a decisión despois dun periodo de reflexión.

- Outros

Este venres é a cea da república no Liceo, son 20 euros, entrando pola Alameda.

MEMORANDO DE TRANSPAR ENCIA

En base a este criterio...

...todas as convocatorias de asembleas, tanto da REDE como dos GT, serán compartidas dentro da rolda de correo-e. Podendo facer un chamamento en redes a participar da mesma previo contacto GT de Apertura.

...todas as actas, tanto da REDE como dos GT, serán compartidas dentro da rolda de correo-e. Ademais unha síntese dos acordos da mesma e sendos persoais será sempre difundida en rede web.

...todas a contabilidade de OeC deberá estar pendurada na web, informando de calquera ingreso ou gasto.

...calquera relación de OeC con organizacións políticas ou colectivos semellantes será pendurada na web xunto cunha síntese dos temas tratados e posibles acordos.